

DECRETO DA ALCALDÍA**ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO MARZO 2019****EXPEDIENTE:2019/G003/000828****ANTECEDENTES:**

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e en cumprimento do acordo plenario de organización da corporación local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias, **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar **sesión ordinaria** do Pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves, día 28 de marzo de 2019, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa orde do día que se sinala a continuación:

ORDE DO DÍA:**A) PARA DAR CONTA:**

1.- Dación de conta ao Pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión da ordinaria do 28 de febreiro de 2019, acta da sesión da extraordinaria do 14 de marzo de 2019 e acta da sesión da extraordinaria do 20 de marzo de 2019).

3.-Segunda modificación puntual do Regulamento orgánico municipal (ROM) do Concello de Ames.

4.-Aprobación de acordo regulador polo que se establece a mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social nas situacións de incapacidade temporal dos/as empregados/as do Concello de Ames, como consecuencia da modificación do artigo 146 do Lei 2/2015 do 29 de abril de emprego público de Galicia.

C) MOCIÓNS**D) PARA CONTROL DO GOBERNO:**

5.- Rogos e Preguntas.

Segundo.- Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que haberán de tratarse na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro.- Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

A primeira tenente de alcalde
Alcaldesa por delegación
(Decreto 793/2019)

Genma Otero Uhía

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo